



**NORMAS DE TRAMITACIÓN DE LICENZAS DEPORTIVAS PARA O ANO 2009**

Seguindo na mesma liña comenzada o ano pasado coas licenzas de ámbito autonómico e licenzas individuais a deportistas e técnicos. Ditas licenzas son válidas para a práctica deportiva en todo o estado ou o estranxeiro, segundo se contrate a modalidade. Para aqueles/as deportistas que desexen habilitar a súa licenza na FEE, poderá facerse pagando a correspondente cuota establecida pola súa Asemblea Xera.

**LICENZAS DE DEPORTISTAS DE ÁMBITO AUTONÓMICO**

Ditas Licenzas poderán tramitarse colectivamente ao través dos clubs, ou individualmente na secretaría da F.G.E

***\*Licenzas de cobertura "BASICA"***

As actividades cubertas son: Espeleoloxía, Descenso de Barrancos e Espeleomergullo.

**Cobertura de rescates en España e responsabilidade civil en España ate 6.012,12 €**

	BASICA MODALIDADE A			BASICA MODALIDADE B			BASICA MODALIDADE B1		
	España			Europa e Marrocos			Resto do Mundo		
	Maior	Xuvenil	Infantil	Maior	Xuvenil	Infantil	Maior	Xuvenil	Infantil
M.G.D. (€)	14,40	14,40	10,10	20,20	20,20	14,15	27,25	27,25	27,25
RESP. CIVIL	0,85	0,85	0,85	0,85	0,85	0,85	0,85	0,85	0,85
F.G.E. (1) (€)	7,10	4,73	4,73	7,10	4,73	4,73	7,10	4,73	4,73
<b>TOTAL (€)</b>	<b>22,35</b>	<b>19,98</b>	<b>15,68</b>	<b>28,15</b>	<b>25,78</b>	<b>19,73</b>	<b>35,20</b>	<b>32,83</b>	<b>32,83</b>

(1) Aprobado na Asemblea Xeneral F.G.E. de data 05/04/2003 + incremento \* IPC 3,6 % (outubro-2008)

\* IPC calculado dende outubro 2007 a outubro 2008 polo INE

***\*Licenzas de cobertura "PLUS" (Cobertura da BASICA máis actividades complementarias)***

As actividades cubertas son: Espeleoloxía, Descenso de Barrancos, Alpinismo, Canoa, Kayak, Senderismo, Esquí de fondo e Snowboard, Esquí Alpino (excluíndo o Esquí Alpino fora de pista), caminata con esquís ou raquetas, Escalada en rocha ou obstáculos artificiais, Bicicleta de montaña todo terreo, Uso de "Vías Ferratas" e Mergullo en tódalas súas formas.

**Cobertura de rescates en España e responsabilidade civil en España ate 6.012,12 € (non aplicable ás actividades complementarias)**

	PLUS MODALIDADE A			PLUS MODALIDADE B			PLUS MODALIDADE B1		
	España			Europa e Marrocos			Resto do Mundo		
	Maior	Xuvenil	Infantil	Maior	Xuvenil	Infantil	Maior	Xuvenil	Infantil
M.G.D. (€)	32,35	32,35	28,05	42,55	42,55	36,50	56,35	56,35	56,35
RESP. CIVIL	0,85	0,85	0,85	0,85	0,85	0,85	0,85	0,85	0,85
F.G.E. (1) (€)	7,10	4,73	4,73	7,10	4,73	4,73	7,10	4,73	4,73
<b>TOTAL (€)</b>	<b>40,30</b>	<b>37,93</b>	<b>33,63</b>	<b>50,50</b>	<b>48,13</b>	<b>42,08</b>	<b>64,30</b>	<b>61,93</b>	<b>61,93</b>

(1) Aprobado na Asemblea Xeneral F.G.E. de data 05/04/2003 + incremento \* IPC 3,6 % (outubro-2008)

Tódolos/as Espeleólogos/as poderán optar por calquera das coberturas e modalidades, debendo prever no momento da solicitude as posibles actividades no estranxeiro ao longo do ano, xa que aínda que é posible, o cambio da póliza sempre pode dar dificultades de xestión e algún custe adicional en concepto de gastos de reimpresión da nova licenza.



**LICENZAS DE TÉCNICOS DE ÁMBITO AUTONÓMICO**

Ditas licenzas poderán tramitarse colectivamente ao través dos clubs, ou individualmente na secretaría da F.G.E

Estas licenzas facultan aos seus titulares como Técnicos da Escola Galega de Espeleoloxía, sendo necesario para elo ten algunha titulación de Técnico recoñecida pola Escola Galega de Espeleoloxía.

As coberturas, modalidade e custe económico é o mesmo que para as licenzas de deportistas de ámbito autonómico.

**LICENZAS DE XUÍZ DE ÁMBITO AUTONÓMICO**

Non se expiden licenzas autonómicas de xuíces por non estar contemplada

**CUOTA DE CLUBE AUTONÓMICA**

Para solicitar as licenzas autonómicas, os clubs deben ter satisfeito a correspondente cuota de clube segundo o seguinte desglose.

	CUOTA ANUAL CLUBE	CUOTA ALTA CLUBE En localidades onde xa existen outros clubs	CUOTA ALTA CLUBE En localidades onde non existen outros clubs
F.G.E. (1)	28,39	63,88	35,55

(1) Aprobado na Asemblea Xeneral F.G.E. de data 05/04/2003 + incremento \* IPC 3,6 % (outubro-2008)

**CONVENIOS ESPECIAIS**

Ditas licenzas so poderán tramitarse colectivamente ao través dos clubs.

As solicitudes de licenzas correspondentes ao “CONVEIO CURSIÑOS” e “CONVENIO FIN DE SEMANA” ademais de reunir tódolos requisitos que con carácter xeral deben cumprir o resto das licenzas, deberán ir acompañados **OBRIGATORIAMENTE** duna certificación do clube, na que se faga constar o tipo de actividade que van desenvolver (cursos ou campañas de divulgación), significando que ditos licencias so cubren accidentes ocorrido no territorio español, tendo as mesmas coberturas que a “Modalidade Básica”, quedando establecido o seu importe segundo o seguinte desglose:

	CONVENIO CURSIÑOS 30 DÍAS	CONVENIO CURSIÑOS FIN DE SEMANA
M.G.D.	7,85	3,35
F.G.E. (1) (€)	17,75	3,52
<b>TOTAL (€)</b>	<b>25,60</b>	<b>6,87</b>

(1) Aprobado na Asemblea Xeneral F.G.E. de data 05/04/2003 + incremento \* IPC 3,6 % (outubro-2008)

**HABILITACIÓN DE LICENZAS NA F.E.E.**

Para habilitar unha licenza é necesario obter previamente a súa análoga autonómica.

Ditas habilitacións poderán tramitarse colectivamente ao través dos clubs, ou individualmente na secretaría da F.G.E.

Dita habilitación é necesaria para a participación en competicións ou actividades deportivas de ámbito estatal organizadas pola F.E.E.

As correspondentes cuotas de habilitación son as seguintes:

	MAIOR	XUVENIL	INFANTIL	TÉCNICO (1)	XUÍZ (2)
CUOTA HABILITACIÓN F.E.E.	17,00	11,00	4,00	27,00	4,00

(1) Estas licenzas facultan aos seus titulares como Técnicos colexiados da Escola Española de Espeleoloxía, sendo necesario para elo ter algunha titulación de Técnico da E.E.E.

(2) Estas licenzas facultan aos seus titulares para exercer tarefas arbitrais en competicións ou actividades deportivas oficiais de ámbito estatal organizadas pola F.E.E., sendo necesario para elo ter algunha titulación de Xuíz da E.E.E.



**HABILITACIÓN CONVENIOS ESPECIAIS**

Para habilitar unaha licenza é necesario obter previamente a súa análoga autonómica.

Ditas licenzas só poderán tramitarse colectivamente ao través dos clubes.

Dita habilitación é necesaria cando se pretenda que a F.E.E. homologue o curso.

	CONVENIO CURSIÑOS 30 DÍAS	CONVENIO CURSIÑOS FIN DE SEMANA
CUOTA HABILITACIÓN F.E.E.	12,00	10,00

**CUOTA DE CLUBE DA F.E.E.**

Para habilitar as licenzas, os clubes deben ter satisfeito a correspondente cuota de clube da F.G.E. e F.E.E.

O global da cuota de Clube ten o seguinte desglose:

	CUOTA ANUAL CLUBE	CUOTA ALTA CLUBE En localidades onde xa existen outros clubes	CUOTA ALTA CLUBE En localidades onde non existen outros clubes
F.E.E.	30,00	50,00	40,00
F.G.E. (1)	28,39	63,88	35,55
<b>TOTAL</b>	<b>58,39</b>	<b>113,88</b>	<b>75,55</b>

(1) Aprobado na Asemblea Xeneral F.G.E. de data 05/04/2003 + incremento \*IPC 3,6 % (outubro-2008)

**NORMAS DE TRAMITACIÓN**

Xunto coas relacións, debe xuntarse fotocopia do xustificante de que o clube ten efectuado o ingreso correspondente a esa relación, **UN INGRESO SOAMENTE POR CADA RELACION**, dito ingreso ten que realizarse na conta corrente nº 0182-2200-14-0204190934 que esta Federación posúe no BBVA de A Coruña.

**Hai que ter muy presente que o seguro de accidente deportivo ten un período de tramitación, por esta razón é moi importante facer a solicitude coa suficiente antelación (ao menos cunha antelación de 4 días a realizar a actividade deportiva).**

**Para que non se orixinen problemas na cobertura de accidente deportivos, se porá especial atención nas normas de procedemento en caso de accidente, reflectidas na Web da Mutualidade Xeral Deportiva en: [www.mgd.es](http://www.mgd.es)**

As licenzas serán solicitadas polos clubes nos **impresos oficiais** aprobados pola FGE e a FEE (segundo corresponda a licenzas Deportistas, Técnicos o Convenios Especiais), podense descargar da Internet en **[www.espeleoloxia.org](http://www.espeleoloxia.org)** para os impresos autonómicos ou en **[www.fedespeleo.com](http://www.fedespeleo.com)** para as correspondentes habilitacións. Os citado impresos deben confeccionarse o máis correctamente posible, remitíndose a FGE **orixinal e tres copias**. As relacións deben ir mecanografiadas ou polo menos, escritas en maiúsculas e perfectamente lexibles. No caso contrario a MGD, podería proceder a súa devolución. De cada membro federado de constar **OBRIGATORIAMENTE** DNI, os dous apelidos e o nome, data de nacemento, sexo, Código Postal e a dirección completa. Se sobreentende que tódolos Subvenis deben posuir DNI propio.

Para a solicitude da licenza individual, ademais de facilitar tódolos datos necesarios para formalizar o correspondente seguro, deberá de presentarse na secretaria da FGE a fotocopia do correspondente resguardo do ingreso do total da cuota. **A FGE fará unha tramitación semanal o ultimo do día laborable da FGE (luns a xoves) cada semana.**

# FEDERACION GALEGA DE ESPELEOLOXIA



Para os menores de 14 anos, que non posúan DNI, débese indicar o do pai, nai ou titor legal, engadindo ao final a letra I.

Atendendo á idade existen tres tipos de categorías:

- Maiores: A partir dos 18 anos cumpridos
- Subvenís: De 14 a 17 anos
- Infantís: Menores de 13 anos.

Tamén é moi importante que non vos esquezades de pedir as autorizacións paternas para os espeleólogos **INFANTÍS e SUBVENÍS**, así como facer cumprir as recomendacións que se inclúen ao dorso da licenza de ditas categorías.

## CLÁUSULA DE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOÁIS

Có fin de adecuarnos a L.O. 15/1999 sobre Protección de Datos de Carácter Persoal, os clubs e particulares deberán autorizar expresamente o tratamento dos datos de carácter persoal facilitados á FGE para a obtención da licenza deportiva. Aquelas relacións de licenzas que non xunten a correspondente autorización, non poderán figurar no ficheiro automatizado da datos dos federados da FGE, polo que os/as deportistas que non figuren no citado ficheiro non recibirán información escrita da FGE no seu domicilio.

A FGE facilitará ás entidades ou particulares un modelo de autorización que tamen se pode baixar da Internet na web [www.espeleoloxia.org](http://www.espeleoloxia.org)

A Coruña, Decembro 2008



**COMPLEXO DEPORTIVO DE ELVIÑA · 15008 · A CORUÑA · TELF. E FAX: 981 291 087**

Web: [www.espeleoloxia.org](http://www.espeleoloxia.org) e-mail: [info@espeleoloxia.org](mailto:info@espeleoloxia.org)